

Convocatoria para a contratación laboral que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 15/03/2023:

1.- Número e denominación das prazas: Un (1) Axente Forestal e un (1) Peón forestal, con cargo ao Programa provincial de cooperación en materia de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense, para o servizo "Mantemento, limpeza e xestión da biomasa no Concello de Cenlle".

2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal.- Xornada:

- Axente forestal (30 horas/semana)

- Peón forestal (40 horas/semana)

3.- Duración do contrato: cinco meses.

4.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5.- Retribucións totais (incluída prorrata de paga extra)

- Axente forestal 1.102,50 €/mes

- Peón forestal 1.260,00 €/mes

6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense(publicado hoxe 04/04/2023), no rexistro do concello de Cenlle ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal, <http://cenlle.sedelectronica.gal>

Cenlle, 4 de abril de 2023

A alcaldesa

Documento asinado electrónicamente.

